

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CBTCP12	Tapizaría e cortinaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3099	Tapizado de murais e enteadado de superficies	2023/2024	6	180	180
MP3099_12	Recubrimento téxtil de superficies	2023/2024	6	150	150
MP3099_22	Confección de toldos	2023/2024	6	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL IGLESIAS VILLAMEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo MP3099, "Tapizado de murais e enteamento de superficies" pertencente ao 2º curso de Formación Profesional Básica de Tapizaría e Cortinaxe; etomando como referencia o DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e ás características da contorna sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, competencia Xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais, que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

Perfil profesional do título: Determinado pola competencia xeral, competencias profesionais e sociais e de selo caso as unidades de competencia do catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título.

Competencia xeral: A competencia xeral do módulo consiste en entear superficies Pór a punto o posto de traballo, as ferramentas, a maquinaria auxiliar e as máquinas necesarias, cortar pezas téxtiles para o enteamento de superficies realizando as operacións previas de marcaxe a partir das medidas obtidas, entear paredes mediante a grampaxe das pezas de cuberta e a colocación, de ser o caso, de elementos estruturais e materiais de recheo, obtendo o aspecto final establecido. Realizar orzamentos e elaborar facturas, detallando cantidades e conceptos de acordo coas características e as dimensións dos produtos requiridos, cumprindo os requisitos legais. Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Obtención de pezas e panos para enteamento de paredes e teitos e paneis murais		50	30
2	Enteamento de paredes e teitos e diferentes superficies		32	10
3	Tapizado de paneis murais		58	30
4	Elaboración de orzamentos e facturas		10	10
5	Confección de toldos		20	10
6	Elaboración de orzamentos na confección de toldos		10	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Obtención de pezas e panos para enteamento de paredes e teitos e paneis murais	50

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Obtén pezas e panos para o enteamento, identificando e aplicando técnicas de confección	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionouse o material segundo a superficie que se vaia entear e o número de pezas que cumpra obter
CA2.2 Descríbense os procedementos de preparación de distintos materiais (tecido exterior, entreferro, forro, etc.), controlando os parámetros implicados para evitar desviacións (textura, cor, debuxo, etc.)
CA2.3 Trazáronse os patróns sobre o material, sinalando puntos de unión, acabamentos de ourelas, emprazamentos de adornos ou fornituras
CA2.4 Executáronse as operacións de corte sen deformación dos perfís das pezas, marcando piquetes e perforacións
CA2.5 Clasificáronse e describíronse os sistemas de ensamblaxe en función do tipo de unión, dos medios e dos materiais
CA2.6 Executáronse operacións de ensamblaxe, aplicando técnicas e métodos apropiados a cada tipo de unión (acabamento de ourelas, plisado, de cerramento, etc.)
CA2.7 Realizáronse operacións de acabamentos intermedios e finais, seguindo criterios de seguridade e estética
CA2.8 Reducíronse por medio da pasada do ferro as anomalías detectadas (engurras, fíos sobrantes, relevos, brillos, etc.) en función da forma do produto
CA2.9 Incorporáronse elementos auxiliares e ornamentais de acordo co deseño final
CA2.10 Propuxéronse ideas de confección amosando unha actitude creativa
CA2.11 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais nas operacións de corte e ensamblaxe
CA2.12 Empregáronse os equipamentos de protección individual

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos e principais características de produtos.
Tipos de máquinas, utensilios e accesorios utilizados na confección.
Técnicas e procedementos de corte dos materiais.
Técnicas e procedementos de ensamblaxe das pezas cortadas.
Medidas de prevención de riscos laborais nas operacións de corte e ensamblaxe.
Equipamentos de protección individual.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Enteamento de paredes e teitos e diferentes superficies	32

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Entea paredes e teitos, recoñecendo a súa funcionalidade e estética	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbíronse os beneficios do enteamento de paredes e teitos
CA3.2 Descríbíronse as condicións en que debe estar a superficie para o correcto enteamento
CA3.3 Fíxáronse marcos-bastidores nos muros ou nas superficies
CA3.4 Situáronse bastidores perimetrais nos ocós existentes nas superficies (fiestras, interruptores e portas), evitando que queden en baixo relevo
CA3.5 Fíxose de xeito uniforme o moletón dentro dos marcos-bastidores
CA3.6 Montouse o tecido sen ningún outro elemento á vista
CA3.7 Asegurouse a correcta colocación do pano ou panel (sen pregamentos, coa tensión necesaria, aliñados e co sentido do fio e dirección adecuados)
CA3.8 Realizouse o remate ou acabado do enteamento ocultando as grampas con molduras, galóns ou cintas de tapizaría
CA3.9 Propuxéronse solucións estéticas para o enteamento de diferentes superficies
CA3.10 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA3.11 Empregáronse os equipamentos de protección individual

4.2.e) Contidos

Contidos
Estilos, formas e tipos e características.
Características dos enteamentos: acústica, calor, facilidade de mantemento e instalación.
Características das superficies para entear.
Normas de prevención de riscos laborais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Tapizado de paneis murais	58

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Tapiza paneis murais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade do produto obtido e a súa estética	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñecéronse as características e as aplicacións dos principais paneis murais tapizados (biombos, cabeceiros, lambrequíns, etc.)
CA4.2 Identificáronse os artigos que necesitan material de recheo, goma espuma ou moletón
CA4.3 Fixouse o tecido por medio de grampas, asegurando a centraxe do motivo ou do debuxo, de ser o caso
CA4.4 Colocáronse os accesorios (reberetes, cordóns e pasamanaría) na posición establecida
CA4.5 Acabouse a fronte do artigo e ocultáronse as grampas, asegurando a estética do produto final
CA4.6 Verificouse a exactitude da forma, a aparencia e a colocación de adornos e as fornitureas
CA4.7 Corrixíronse as anomalías ou os defectos arranxables
CA4.8 Identificáronse os riscos primarios e as medidas preventivas asociadas
CA4.9 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA4.10 Empregáronse os equipamentos de protección individual

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos e características: biombos, cabeceiros, lambrequíns e galerías rixidas.
Gornecementos de portas e interiores de armarios.
Fases do tapizado de paneis murais.
Técnicas de acabado e preparación do produto para a súa entrega.
Control de calidade dos artigos.
Medidas de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.
Equipamentos de protección individual.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de orzamentos e facturas	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora orzamentos e facturas, e xustifícaaos en función do material empregado e da dificultade asociada ao proceso	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os aspectos para ter en conta na elaboración de orzamentos de enteamento de superficies ou retapizado de murais
CA1.2 Obtivéronse as dimensións das pezas e dos compoñentes necesarios para o enteamento de superficies ou o tapizado de murais
CA1.3 Recoñécéronse os materiais e outros compoñentes que integran o conxunto do artigo
CA1.4 Optimizouse o cálculo da cantidade de material
CA1.5 Estimouse o tempo requirido no desenvolvemento do produto e sinaláronse as dificultades asociadas
CA1.6 Calculouse o custo total dos traballos que se vaian realizar e desagregouse por conceptos
CA1.7 Aplicouse a marxe comercial aos custos establecidos
CA1.8 Enumeráronse as obrigas fiscais asociadas ao orzamento e á factura
CA1.9 Empregáronse aplicacións informáticas na elaboración do orzamento e das facturas

4.4.e) Contidos

Contidos
Enteamento de paredes e de teitos.
Paneis murais: biombos, cabeceiros, lambrequíns e galerías rixidas.
Toma de medidas.
Cálculo de materiais e de material residual.
Concepto dun orzamento e factura. Prazos de entrega, forma de pagamento e calidades.
Confección de orzamentos e facturas con aplicacións informáticas.
Impostos asociados. IVE.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Confección de toldos	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona toldos, identificando as súas características e as súas aplicacións	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse os principais tipos de toldos (lonas, cubricións de piscinas, carpas, toldos de vivendas, etc.)
CA2.2 Clasificáronse os tipos de materiais empregados na fabricación de toldos (impermeables, opacos, refractantes de raios solares, con tratamento antihumidade, etc.)
CA2.3 Analizouse a estrutura ou armazón que soporta os diferentes tipos de toldos
CA2.4 Determináronse as medidas das pezas que constitúen o toldo
CA2.5 Confeccionáronse as pezas a partir das medias establecidas
CA2.6 Fixáronse as pezas téxtiles á estrutura do toldo
CA2.7 Identificáronse os riscos laborais e ambientais, así como as medidas para os previr
CA2.8 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA2.9 Empregáronse os equipamentos de protección individual

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipos características e aplicacións dos toldos: lonas, cubricións de piscinas, carpas, toldos de vivendas, tensados e lonas de transporte.
Confección de pezas de toldos.
Ensamblaxe de pezas téxtiles.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Elaboración de orzamentos na confección de toldos	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora orzamentos e facturas, e xustifícao en función do material empregado e da dificultade asociada ao proceso	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os aspectos para ter en conta na elaboración de orzamentos de elaboración e colocación de toldos
CA1.2 Obtivéronse as dimensións das pezas e dos compoñentes necesarios para a fabricación de toldos
CA1.3 Recoñécéronse os materiais e outros compoñentes que integran o conxunto do artigo
CA1.4 Optimizouse o cálculo da cantidade de material
CA1.5 Estimouse o tempo requirido no desenvolvemento do produto e sinaláronse as dificultades asociadas
CA1.6 Calculouse o custo total dos traballos que se vaian realizar e desagregouse por conceptos
CA1.7 Aplicouse a marxe comercial aos custos establecidos
CA1.8 Enumeráronse as obrigas fiscais asociadas ao orzamento e á factura
CA1.9 Empregáronse aplicacións informáticas na elaboración do orzamento e das facturas

4.6.e) Contidos

Contidos
Toma de medidas.
Cálculo de materiais e de material residual.
Concepto dun orzamento e factura. Prazos de entrega, forma de pagamento e calidades.
Confección de orzamentos e facturas con aplicacións informáticas.
Impostos asociados. IVE.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. MÍNIMOS EXIXIBLES:

Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución das competencias establecidas no currículo. A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva deste módulo.

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo están relacionados cos criterios de cualificación determinados como mínimos no punto 4 desta programación e versarán sobre a consecución dos seguintes obxectivos:

- Recoñecer os materiais necesarios para o tapizado de murais e confección de toldos.
- Elaborar orzamentos e facturas de tapizado de murais e confección de toldos e, xustificalos en función do material empregado e da dificultade asociada ao proceso.
- Medir e calcular a cantidade de material necesaria para tapizar un mural ou confeccionar un toldo.
- Preparar máquinas, equipamentos e ferramentas para o tapizado de mobles.
- Dominar as técnicas de tapizado de murais e confección de toldos.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo.

A nota de cada unha das avaliacións parciais virá dada pola suma das puntuacións ponderadas acadadas en cada unha das actividades calificables. A puntuación será de 1 a 10, sendo aprobado a partir dos 5 puntos. Para que sexa positiva, terán que ser superados tódolos CA asignados como mínimos esixibles. No caso contrario, non se superará a avaliación, obtendo como máximo un 4, e deberán recuperarse.

Os instrumentos empregados nas actividades calificables dentro de cada UD serán os indicados no apartado 4.c. asociados a cada un dos CA. E serán aplicados nas seguintes porcentaxes

1. Probas escritas 20% (exames ou traballos escritos)
2. Probas prácticas 80% (exercicios de resolución práctica, empregando como instrumentos de avaliación: táboas de observación e listas de cotexo).

Aplicase o redondeo matemático a partir do decimal 5 para determinar a nota final de cada avaliación trimestral.

Para poder calcular a nota da avaliación, o alumnado terá que ter como mínimo a puntuación dun 4 en cada tarefa ou proba para poder aplicar as porcentaxes.

Se o alumno/a ten algunha tarefa pendente de entregar ou cunha puntuación inferior a 4, o módulo estará directamente suspenso cunha nota máxima dun 4.

Todas as tarefas están deseñadas para ser realizadas na aula taller, o alumnado so poderá realizar ou rematar tarefas na casa cando sexan traballos escritos, en ningún momento poderán levar tarefas de natureza práctica para rematar na casa.

O alumnado que por acumulación de faltas de asistencia xustificadas, no teña todas as tarefas realizadas o termo de cada avaliación, terá dereito a realizar unha proba (teórica ou práctica, segundo corresponda) para avaliar os criterios de avaliación correspondentes ás tarefas non entregadas.

Ao termo do curso, a nota media final do módulo calcularase cunha media aritmética das 2 avaliacións. que forman o módulo.

O alumnado que supere a segunda avaliación, terá a mesma nota que na avaliación final de módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que, o longo do curso, teña suspenso algunha avaliación parcial, terá dúas opcións de recuperación.

- Poderá recuperar a parte práctica de dita avaliación no momento que entregue as tarefas prácticas pendentes ou non superadas no trimestre seguinte.

- Para recuperar as probas escritas, a profesora chegará a un acordo co grupo para determinar a data da proba de recuperación no trimestre seguinte.

Para o alumnado que teña este módulo suspenso logo de realizada a segunda avaliación parcial de módulos, destinarase un período de recuperación previo á avaliación final do módulo.

Neste período, estableceranse actividades de recuperación establecidas de xeito personalizado para cada alumno/a, atendendo os criterios de avaliación non superados marcados como mínimos esixibles. Estas actividades están recollidas nun informe individualizado de avaliación.

A cualificación farase efectiva na avaliación final de módulos no mes de abril (previa á FCT)

O alumnado que non supere o módulo na avaliación final de módulos, non accederá á FCT, e a recuperación do módulo levarase a cabo durante o terceiro trimestre, nos meses de abril a xuño.

Neste período, o alumnado recibirá de novo un informe individualizado de avaliación, con actividades de recuperación establecidas de xeito personalizado para cada alumno/a, atendendo os criterios de avaliación non superados marcados como mínimos esixibles.

A avaliación final de ciclo farase nas datas estipuladas polo Centro Educativo (mes de xuño). O alumnado que supere todos os módulos poderá acceder á FCT no período seguinte.

Se non supera todos os módulos, terá que matricularse dos módulos pendentes no vindeiro curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

PERDA DE DEREITO A AVALIACION CONTINUA

A perda de dereito á avaliación continua non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria, agás o alumnado que supere a idade mínima de escolarización (16 anos).

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua no módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á realización da FCT (acordado polo departamento didáctico)

Esta proba será deseñada tendo en conta os mínimos esixibles descritos no apartado cinco de esta programación e constará de:

- proba escrita da materia impartida durante todo o módulo (poderá versar sobre teoría e/ou procedementos). 30 % da nota.
- proba práctica da realización dalgún artigo correspondente ao módulo. 70% da nota.

Aplicase o redondeo matemático a partir do decimal 5 en notas superiores a 5 puntos sobre 10.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grao de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e entregarase unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizaráse a plataforma XADE, darase conta do grao de seguimento nunha reunión do equipo docente e farase constar en acta.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

1. O grao de cumprimento da temporalización
2. O logro dos obxectivos programados
3. Os resultados académicos acadados

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente Orde de avaliación 12 de xullo de 2011 no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades e necesidades específicas. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente". Para facer esta valoración, o equipo docente basearase no "Cuestionario de motivación" inicial que deberá responder cada un dos alumnos e máis na observación que cada un dos profesores fixo os días previos á convocatoria de dita reunión e nos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.

O obxectivo do cuestionario /avaliación inicial será concretar en que nivel de coñecementos se atopa o grupo con relación ao módulo. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo e outras características que se poidan deducir del.

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumno, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza aprendizaxe,

e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse: Cuestionario de motivación inicial.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 15 .

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispoñen sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico - práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no centro integrado e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

1. Actividades complementarias;

- Visitas a empresas téxtiles, museos e centros culturais, na comunidade autónoma e fóra dela.
- Visitas a feiras na comunidade autónoma e fóra dela.

2. Actividades extraescolares (apoiar o magosto, samaín, Letras Galegas, etc.)

- As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.

10. Outros apartados

10.1) Bibliografía

Libro de MF0430_1 Entelado de Paredes y Tapizado de Paneles Murales